



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Banzas
Concellos:	Outes, Negreira e Mazaricos (A Coruña)
Promotor:	GREEN CAPITAL POWER, SL
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2017/15
Expte.:	03.I.489.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3168/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 12.11.2020 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Banzas. Septiembre 2020*, *Proyecto Sectorial Parque Eólico Banzas. Septiembre 2020* e *Plano do Parque Eólico Arquivo Shape*.

De acordo co establecido no apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

En data de 30.11.2017, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a intervención *Prospección arqueolóxica para Avaliación de Impacto Arqueolóxico do Parque Eólico Banzas (Outes, Negreira e Mazaricos, A Coruña)* (ED 102A 2017/576-0), dirixida polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa Zeta Arqueoloxía SL, e promovida por Green Capital Power SL.

O 09.02.2018, ten entrada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (nº de entrada 2018/348305) a memoria final da intervención arriba citada.

O 08.03.2018, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe no marco do procedemento de consulta sobre o alcance da Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto do Parque Eólico Banzas 51 MW, Liñas 30 kV, SET 30/220 kV e LE 220 kV (Outes, Negreira e Mazaricos, A Coruña). No proxecto presentado o parque eólico tiña unha potencia total de 51 MW e 17 aeroxeradores.

O 08.10.2019 Green Capital Power SL presenta, ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, unha solicitude de modificación do do parque eólico consistente na redución do número de aeroxeradores e o seu desprazamento das súas posicións e no desprazamento da torre meteorolóxica e da subestación.

O 16.11.2019 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (nº de entrada 2019/2313966) un escrito de alegacións ao proxecto de instalación do Parque Eólico Banzas presentada pola Asociación de Veciños 3 de Maio (CIF G-15416886) de Santa María de Campolongo, en Negreira, no que recolle un resumo da riqueza patrimonial da parroquia e se adxunta un informe arqueolóxico sobre a identificación, en setembro de 2019, do ben patrimonial *Mina da Lagoa* (GA27056090).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Banzas de 31,185 MW de potencia total, que constará de 9 aeroxeradores, de 3,465 MW de potencia nominal, 134 m de altura de buxa e 132 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, instalacións auxiliares (zonas de amoreamentos, manobra e cruce), sistema de drenaxe, plataformas de montaxe, gabias de cableado, subestación e edificio de control, e torre meteorolóxica.





- O Parque Eólico Banzas evacuará a súa enerxía ata a SET Lousame mediante unha liña de evacuación conxunta denominada “*Solución de evacuación conjunta de los PE Maragouto y PE Banzas*” cuxo proxecto é obxecto doutro expediente de avaliación ambiental.
- A alternativa elixida é a 3, con menor número de aeroxeradores e na que se diminúe a ocupación de terreo e a magnitude das afeccións.
- Os accesos ao parque eólico proxéctanse desde a AC-400 no punto quilométrico 65+160. Para minimizar a creación de novos viarios empregaranse os camiños xa existentes acondicionados. Nos tramos nos que non se podan usar os camiños existentes os novos viarios deseñáronse intentando minimizar as afeccións ás parcelas.
- No apartado 8.5 *Patrimonio Histórico-Cultural*, do punto 8. *Elementos del medio*, recóllese a realización dunha prospección arqueolóxica cuxos resultados inclúense na *Memoria de Evaluación de Impacto Arqueológico del Parque Eólico de Banzas*, que xunto coas *Adendas a la Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural* se presenta como anexo ao documento.
- No apartado 10.5 *Valoración de impactos*, no subapartado 10.5.2 *Medio biótico*, identifícanse e valóranse os impactos sobre o patrimonio cultural. Os redactores consideran o impacto global como negativo e significativo. Remitíndose ao *Anexo III Estudio de Impacto Arqueológico* e á *Adenda a la Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio del Parque Eólico Banzas*, sinálase que soamente dous elementos se verían afectados polas obras: *Eirexa Vella* e *Cotón das Murallas*. Analízase tamén a visibilidade dos aeroxeradores desde os restos da *Torre da Torre* (GA15062038) en San Ourente de Entíns, situada a 2,7 km e en estado ruinoso. Non se inclúe a información exposta na segunda addenda da *Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural* (Anexo III do EIA), na que se describen as afeccións á *Mina da Lagoa* (GA15056090).

Respecto ao Camiño de Santiago, analízase o impacto na parte referida aos impactos sobre a paisaxe, concluíndo que pode ser visible o parque eólico no tramo entre Vilaserío (Negreira) e A Gueima (Mazaricos) pero que o impacto visual dos aeroxeradores, que non se observarán de forma íntegra, quedará minimizado pola distancia e a existencia de barreiras visuais como a vexetación e as edificacións existentes.

- Dentro do punto 11 *Medidas protectoras y correctoras*, no subapartado 11.1.8 *Sobre el patrimonio cultural*, expónse unha serie de medidas xenéricas a aplicar durante a fase de execución, como son o control e seguimento arqueolóxico durante o replanteo, execución da obra e restitución de terreos, a sinalización previa dos xacementos arqueolóxicos e a aplicación das directrices establecidas no *Anexo III Estudio do Impacto Arqueológico*.
- No punto 13 *Conclusiones* sinálase que se ben o proxecto producirá alteracións sobre o medio de carácter negativo a súa magnitude en conxunto pode ser asumida polo mesmo.
- No *Anexo III Estudio de Impacto Arqueológico*, inclúense a memoria da avaliación sobre o patrimonio cultural, cos resultados da *Prospección arqueolóxica para Avaliación de Impacto Arqueológico do Parque Eólico Banzas (Outes, Negreira e Mazaricos, A Coruña)* (ED 102A 2017/576-0), e dúas addendas correspondentes as modificacións do proxecto que supuxeron a redución do número de aeroxeradores e o desprazamento dalgunhas das infraestruturas (eliminación dos aeróxedores BZ10 e BZ11 e desprazamento do BZ9, SET, zona de acopios e torre meteorolóxica na primeira addenda e modificación dos camiños de acceso na segunda). Sinálase que todas as infraestruturas modificadas atópanse dentro das zonas prospectadas na intervención de 2017.
- No documento inclúese un listado de todos os elementos catalogados no ámbito do proxecto, describíndose de forma detallada os que se atopan no seu ámbito inmediato. Preséntanse fichas individualizadas dos bens afectados, valóranse os impactos sobre o patrimonio cultural e propóñense medidas cautelares e correctoras. Inclúese o ben *Mina da Lagoa* (GA15056090) incorporado ao inventario da DXPC no ano 2019.
- A valoración definitiva dos impactos sobre bens do patrimonio cultural reflectida na documentación é a seguinte:





COD	ELEMENTO	CAUSA DO IMPACTO E XUSTIFICACIÓN	IMPACTO
GA15056090	Mina da Lagoa	Acondicionamento de pista e construción da SET a 100m	Moderado
GA15062038	A Torre de Torre	Aerorizador BZ10 a 2400 m (impacto visual)	Compatible
REF01	Eirexa Vella	Ampliación de pista en zona inmediata. Ausencia de restos visibles	Compatible
TOP01	Cotón das Murallas	Aerorizador B en parcela catastral do topónimo. Ausencia de restos visibles	Compatible
GA15062017	Mámoa 1 de Prado de Banzas	Acondicionamento de pista e gabia de cableado fóra do ámbito de protección do PXOM	Sen impacto
GA15062018	Mámoa 1 do Campo de Moullón	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062019	Mámoa 1 de Rego Mouro	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062026	Mámoa de Chan dos Pozos	Aerorizador BZ10 fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062027	Mámoa do Alto de Campo de Moullón	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062028	Mámoa de Pedra Sancha	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062029	Mámoa 1 do Chan da Alvariza	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062032	Mámoa 2 de Prado de Banzas	Acondicionamento de pista e gabia de cableado fóra do ámbito de protección do PXOM	Sen impacto
GA15062033	Mámoa 3 de Prado de Banzas	Acondicionamento de pista e gabia de cableado fóra do ámbito de protección do PXOM	Sen impacto
GA15062034	Mámoa 2 do Campo de Moullón	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062035	Mámoa 2 de Rego Mouro	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062037	Mámoa 2 do Chan da Alvariza	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
GA15062ACH-2	Estela votiva de Banzas	Sen contexto arqueolóxico asociado	Sen impacto
GA1505636	Castro de Couso de Abaixo	Viario de nova construción fóra do contorno de protección	Sen impacto
GA15056037	Castro da Aldea de Castro	Viario de nova construción fóra do contorno de protección	Sen impacto
GA15056TOP2	Campo da Mámoa	Viario de nova construción fóra do contorno de protección	Sen impacto
GA15045082	Os Castros	Plataforma do aerorizador BZ8 a máis de 218 m ao E do castro fóra do ámbito de protección do PXOM	Sen impacto
RE15062007	Petróglifo 01 de Prado de Banzas	Acondicionamento de pista existente a 175 m e gabia de cableado polo lado contrario ao ben	Sen impacto
	Muíño	Plataforma do aerorizador BZ5 a máis de 230 m	Sen impacto
REF02	Túmulo	Obras fóra do ámbito de protección	Sen impacto
	Alvariza	Obras lonxe do ámbito de protección	Sen impacto
Cruz01	Cruz do Coto de Eiras	Aerorizador BZ9 a máis de 180 m	Sen impacto





- Establécense medidas correctoras, tanto de carácter xenérico, para todos os bens, como específicas que considéranse adecuadas. Dentro das xenéricas atopamos a comunicación ao equipo de arqueoloxía de calquera actuación no recollida no proxecto, a revisión arqueolóxica do replanteo, o balizado previo dos bens e a súa sinalización en planimetría de obra, o control e seguimento dos movementos de terra nas proximidades dos bens, etc...
- As medidas correctoras específicas propostas son as seguintes:

COD	ELEMENTO	MEDIDAS CORRECTORAS ESPECÍFICAS	IMPACTO
GA15056090	Mina da Lagoa	Non constan	Moderado
GA15062038	A Torre de Torre	Realización dun estudo de impacto visual	Compatible
REF01	Eirexa Vella	Control arqueolóxico intensivo do acondicionamento do viario. A modificación realizarase no lado contrario ao elemento. Balizado.	Compatible
TOP01	Cotón das Murallas	Control intensivo das remocións de terras na zona do topónimo	Compatible

- Por último, no *Anexo XV Documento de Síntesis*, recóllense as medidas protectoras xenéricas para a protección do patrimonio cultural e indícase que se aplicarán as directrices establecidas no Estudo de impacto arqueolóxico.

Proxecto Sectorial

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. No *Anexo 3 Afecciones ambientales* no apartado 1.5. *Valoración de impactos*, subapartado 1.5.2 *Medio biótico*, valóranse os impactos sobre o patrimonio cultural e cualifícase o impacto global como negativo e significativo. No apartado 1.6 *Valoración de impactos significativos* conclúese que o impacto sobre o patrimonio cultural é compatible.

No apartado 2.1 *Medidas protectoras y correctoras durante las obras*, do *Anexo 3*, concretamente no subapartado 2.1.8. *Sobre el patrimonio cultural*, recóllense as medidas xenéricas a aplicar para a protección do patrimonio cultural.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno non se ten constancia de que existan bens integrantes do patrimonio cultural que se poidan ver afectados pola construción do parque eólico a maiores dos recollidos na Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural e adendas do anexo 3 do EIA.
- Non se definen no EIA os accesos ao parque eólico desde o desvío da estrada AC 400 polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio arqueolóxico e cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...). Así mesmo, a falta de concretar os accesos definitivos, é probable que se pretenda utilizar un tramo compartido co Camiño de Santiago en 250 m.
- Na planimetría do estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural da adenda II, co deseño definitivo, non aparecen recollidos os elementos etnográficos identificados (cruz, alvariza e muíño).
- Proxéctase a construción da SET Banzas e o acondicionamento dunha pista dentro do contorno de protección do túmulo *Mina da Lagoa* (GA15056090), o que podería afectar negativamente a conservación do ben.
- No *Anexo 3 Afecciones ambientales* do Proxecto Sectorial non se inclúe a información exposta na segunda addenda da *Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural (Anexo III do EIA)*, na que se describen as afeccións á *Mina da Lagoa* (GA15056090).
- Na planimetría do proxecto sectorial (Plano: nº5, *Planeamiento municipal modificado*) non aparecen grafados os bens do patrimonio cultural recollidos no Anexo III do EIA, nin os seus contornos de protección, aparecendo soamente os bens recollidos no catálogo do PXOM do Concello de Outes.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Banzas (setembro 2020) cos datos e planimetría Proxecto Sectorial con visado de 16.10.2020, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación agora presentada e nas consideracións técnicas, se informan **favorablemente** os





documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Banzas. Septiembre 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Banzas. Septiembre 2020*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo III do Estudo de Impacto Ambiental xunto coas seguintes **condicións**:

- Modificarase a situación da Subestación transformadora Banzas de maneira que non afecte aos contornos de protección dos bens culturais. A nova localización deberá acordarse cos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o seu impacto sobre o ben terá que ser avaliado.
- As labores de acondicionamento do viario que afectan ao elemento *Mina da Lagoa* (GA15056090) executaranse cara o lado contrario do ben e baixo control e seguimento arqueolóxico continuo a pé de obra. Realizarase un balizado previo de separación entre a zona de protección do túmulo e o camiño.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberase presentar un documento no que se concrete a ruta de acceso desde a estrada AC 400 e se detallen as actuacións concretas a realizar nos camiños que se empreguen (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.), identificando os bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados e os tramos nos que existan muros e peches tradicionais, bens arqueolóxicos ou etnográficos (cruceiros, hórreos, muíños...). Nese documento valorarase a posible afección aos elementos do patrimonio cultural e os seus contornos e se detallarán as medidas protectoras e correctoras necesarias para salvagardar o patrimonio cultural, a máis das recollidas o Anexo III do Estudo de Impacto Ambiental.
- Comprobarase a REF01 Eirexa Vella e a REF02 Túmulo para confirmar a existencia de bens arqueolóxicos. Se é necesario rozaranse as zonas, sempre baixo supervisión arqueolóxica. De confirmarse a presenza de elementos arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos e estableceranse as medidas correctoras oportunas.
- No caso de identificarse estes bens, o Concello de Outes deberá incluír os novos elementos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- En relación co Camiño de Santiago, descoñécese se se pretende empregar algún tramo deste como acceso ao parque eólico. Cómpre sinalar que a DXPC xa informou ao mesmo promotor (Green Capital Power, S.L) respecto a empregar o Camiño de Santiago como acceso aos parques eólicos Alvite e Alvite II, situados ao norte do parque eólico Banzas.
- Deberanse buscar alternativas de acceso ao parque eólico Banzas por vías existentes sen necesidade de utilizar o Camiño de Santiago.
- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo III do Estudo de Impacto Ambiental. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.

Respecto ao proxecto sectorial:

- Os bens identificados no citado Anexo III deberán ser incluídos na planimetría do Proxecto Sectorial cos seus contornos de protección e os concellos deberán incluílos nos seus planeamentos.
- Na planimetría do proxecto sectorial incluíranse e grafaranse todos os bens patrimoniais recollidos no Anexo III do Estudo de Impacto Ambiental e os seus contornos de protección. A espera da definición das delimitacións de protección específicas e de acordo co art. 38 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia*, para os bens arqueolóxicos establecerase un contorno de protección subsidiario de 200 m medidos desde o vestixio máis exterior do ben.
- Así mesmo, deberán reflectirse na planimetría todas as modificacións xeradas polo condicionado do informe favorable ao Estudo de Impacto Ambiental.
- O Concello de Outes deberá integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



Xacobeo 2021

*Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
EIA e Proxecto Sectorial PE Banzas
(Outes, Negreira e Mazaricos, A Coruña)*

